

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
O DÍA 21/02/2022
(Extracto en <https://sede.vilagarcia.gal> - transparencia)

PRESIDENTE

ALBERTO VARELA PAZ

CONCELLEIROS/AS

Lista de asistentes

JOSE MARIA GONZALEZ ARAUJO

TANIA GARCÍA SANMARTÍN

ARGIMIRO SERÉN MERA

DIEGO GARCIA SANTIAGO

LINO MOURIÑO SANTIAGO

MATILDE LAYA LORENZO

LUZ MARIA ABALO PÉREZ

SECRETARIA

MARIA ROSA LOSADA SUAREZ

INTERVENTORA ACCTAL

ROSA MARIA OTERO PIÑEIRO

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:30 horas do día 21/02/2022 reuníronse no Sala de reunións, previa a oportuna citación e en primeira convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .

Comprobada a presenza de tódolos membros e polo tanto de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 14 de febreiro de 2022, que se aprobou por unanimidade.

RÉXIME INTERIOR

PRP2022/0289

Dáse conta do escrito de Arrendamentos Grupo de Empresas Rey SL, en relación coa finca da súa propiedade destinada a aparcadoiro público e gratuito no entorno do Hospital do Salnés, propoñendo a sinatura dun novo contrato de arrendamento por un prazo mínimo de 5 anos e unha renta anual de cien mil euros (100.000,00€), actualizable anualmente co IPC. A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda remitir a petición á Mancomunidade do Salnés, por tratarse dun servizo público que se presta a todos os habitantes dos Concellos que forman parte da área Sanitaria de O Salnés.

PRP2022/0376

Dáse conta do escrito presentado por Dona Marina Gharibyan Nazaryan solicitando autorización para ocupación de vía pública na Praza de Galicia para instalación dun posto de chocolates o día 14 de febreiro de 2022.

Dáse conta do informe favorable da Policía Local

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2022/0378

Dáse conta do escrito presentado por Don Marcos Rodríguez Martínez solicitando autorización para ocupación de vía pública na Praza de Galicia para instalación dunha mesa informativa o día 19 de febreiro de 2022.

Dáse conta do informe favorable da Policía Local

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2022/0409

Visto o escrito presentado por D. Luis Antonio Punin Sumay, solicitando sinalizar unha zona reservada para o estacionamento dos seus pacientes na Clínica Pondal, á altura do número 3 da rúa Eduardo Pondal.

Visto o informe da Policía Local que sinala que non se pode considerar como unha reserva das previstas na ordenanza de circulación como ás xerais de carga e descarga, reservas para

servizos públicos, nin tampouco as previstas para hoteis, ou edificios oficiais. Sería estacionamento reservado para os usuarios dun establecemento determinado e polo tanto terían a consideración de reserva de carácter particular. Nos derradeiros anos este tipo de reservas de uso exclusivo foron consideradas a extinguir.

En base ao anterior, a Xunta de Goberno Local acorda non acceder ao solicitado.

PRP2022/0414

Dáse conta do escrito presentado por C.P Ribainsa, Rosalía de Castro 121, comunicando altercados, molestias por parte da vivenda 1ºd esquerda, da citada dirección. A Xunta de Goberno Local queda sabedora, facendo constar que a factos de comprobación dos mesmos, deben comunicalo aos números de telefono 091 ou no seu defecto ao 092.

PRP2022/0464

Dáse conta do escrito presentado por D. Marco Antonio Dieguez Barreiro e/n Parking Salnés, S.L., poñendo a disposición do Concello de Vilagarcía de Arousa terreos colindantes ao Hospital Público de o Salnés para aparcamento, munha parcela que está legalmente habilitada para tal fin, e que conta con licenza municipal para estacionamento, así como con todos os servizos necesarios para os usuarios. A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda remitir o asunto á Mancomunidade do Salnés, por tratarse dun servizo público que se presta a todos os habitantes dos Concellos que forman parte da área Sanitaria de O Salnés.

PRP2022/0474

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar o gasto para contratar informe técnico relativo ao expediente de licenza de legalización e adaptación de tipoloxía de actividade recreativa destinada a discoteca en Avda. Mariña nº34, en todos os aspectos do proxecto presentado, agás no relativo ao cumprimento da normativa urbanística, á empresa Enmacosa Consultoría Técnica, S.A., por importe de 1.391,50€, con cargo á partida 150-22706.

PRP2022/0482

Vista a proposta do Servizo de Alumeado Público, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Sulzer Pumps Wastewater Spain, S.A. para a reposición do PLC (controlador avanzado display EC531 de Sulzer), instalado e programación do cadro do bombeo campanario situado en Bamio, por un importe total de 1.403,60€ (IVE incluído), con cargo á partida 161-213.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2022/0485

Vista a proposta do Servizo de Vías Públicas, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Materiales Lamarca, S.L. para a subministro de material para reparacións de alcantarillado e pluviais en diversos puntos para desenvolvemento do departamento durante o exercicio 2022, por un importe total de 4.700,85€ (IVE incluído), con cargo á partida 161.210.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

RECURSOS HUMANOS

PRP2022/0459

Acórdase o recoñecemento de obrigación a favor dos/as Sres./as Concelleiros/as, membros da Corporación Municipal, polos importes que a seguir se din, correspondentes a asistencias ás sesións do Pleno, Xuntas de Goberno e Comisións Informativas, do 1 ao 31 de xaneiro de 2022,

por un importe total de 9.260,00 € e con cargo á partida 912.233:

CARGO ELECTO	Nº sesións Plenos e XGL	DIETAS PLENOS e XsGL	Nº sesións Comisións informativas	DIETAS COMISIÓNS INFORMATIVAS	TOTAL EUROS
D. ARGIMIRO SERÉN MERA	7	x 130,00 €	3	x 110,00 €	1.240,00
Dª LUZ Mª ABALO PEREZ	7	x 130,00 €	3	x 110,00 €	1.240,00
D. DIEGO GARCIA SANTIAGO	4	x 130,00 €	1	x 110,00 €	630,00
D. JOSE MARIA GONZALEZ ARAUJO	6	x 130,00 €	3	x 110,00 €	1.110,00
Dª MATILDE LAYA LORENZO	7	x 130,00 €	3	x 110,00 €	1.240,00
Dª ANA Mª GRANJA GUILLAN	2	x 130,00 €	3	x 110,00 €	590,00
Dª YOLANDA BOVEDA DIAZ	2	x 130,00 €	2	x 110,00 €	480,00
D. MANUEL MENDEZ VARELA	1	x 130,00 €	---	x 110,00 €	130,00
D. JUAN MARCOS ALCALDE VAZQUEZ	1	x 130,00 €	1	x 110,00 €	240,00
D. ROBERTO DOMINGUEZ BUSTELO	2	x 130,00 €	3	x 110,00 €	590,00
Dª Mª DE LA O FERNANDEZ GONZALEZ	2	x 130,00 €	3	x 110,00 €	590,00
D. JUAN MANUEL FAJARDO RECOUSO	2	x 130,00 €	3	x 110,00 €	590,00
D. DAVID HIGINIO OLIVEIRA BARREIRO	2	x 130,00 €	3	x 110,00 €	590,00
TOTAL					9.260,00

PRP2022/0460

Acórdase o recoñecemento de obrigación a favor dos seguintes Grupos Municipais, polo importe total de 8.100,00 €, correspondente á asignación económica a Grupos Municipais do 1 ao 31 de xaneiro de 2022, de conformidade co establecido polo Pleno da Corporación Municipal de data 27 de xuño de 2019, con cargo á partida 912.489, coa seguinte desagregación:

- Grupo Municipal do PSdG-PSOE, por un importe total de 3.900,00 €
- Grupo Municipal do P.P., por un importe total de 1.800,00€
- Grupo Municipal de BNG, por un importe total de 600,00 €
- Grupo Municipal de Vilagarcía en Común, por un importe total de 600,00 €.
- Grupo Municipal de Marea da Vila, por un importe total de 600,00 €
- Grupo Municipal de Ciudadanos, por un importe total de 600,00 €

BENESTAR SOCIAL

EMPREGO

PRP2022/0486

Vista a proposta do Director do Obradoiro Dual de Emprego OE FORME 2021, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Dona sonia Castelo Míguez para impartición dun curso de Xestión de Empresa, de 30 horas, para o alumnado do módulo formativo de Atención Sociosanitaria en Domicilio e Institucións e Mantemento de Redes Eléctricas e Sistemas Domóticos, por un importe total de 600,00 €, con cargo á partida 2412.22799.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS

EDUCACIÓN

PRP2022/0494

Vista a proposta do Director da Escola Municipal de Música, a Xunta de Goberno Local acorda

aprobar o orzamento presentado por D. Juan José Pintos Silva para mantemento da páxina web, dominio e actualizacións da Escola Municipal de Música durante o ano 2022, por un importe total de 121,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 3262.22799.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2022/0495

Vista a proposta do Director da Escola Municipal de Música, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por D. Tigran Poghosyan Gharibyan, para revisión técnica, afinación e regulación dos pianos da Escola Municipal de Música, por un importe total de 665,50 € (IVE incluído), con cargo á partida 3262.22799.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

SANIDADE

PRP2022/0445

Dáse conta da solicitude presentada o 10 de febreiro de 2022 (registro entrada 2022001886) por Plácido Iglesias Torres, titular da licenza municipal de auto-taxi nº 18, de adscrición do novo vehículo “MERCEDES VITO” matrícula 4628LVN (con Taxímetro instalado), número de bastidor W1V44770513943565 en substitución do utilizado ata o de agora; “CITROEN JUMPY” matrícula 7452JFL, así como de autorización para instalación de publicidade.

Dado que a documentación presentada, cumpre a normativa de aplicación e os requisitos esixidos no art. 21 do vixente Regulamento Municipal dos Servizos Urbanos de Transportes en automóviles lixeiros, e de conformidade co disposto nos artigos 22 e 25.1 do devandito regulamento, acórdase:

Autorizar a don Plácido Iglesias Torres, titular da licenza municipal de auto-taxi nº 18, a adscrición do novo vehículo “MERCEDES VITO” matrícula 4628LVN de 8 prazas (con Taxímetro instalado), número de bastidor W1V44770513943565 en substitución do utilizado ata o de agora; “CITROEN JUMPY” matrícula 7452JFL.

Autorizar a instalación, no novo vehículo, da publicidade “Fogon A Ría y Churrasco A Ría”, que deberá cumprir as condicións establecidas na Lei 4/2013, de 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia e no regulamento municipal dos servizos urbanos de transporte en automóviles lixeiros do concello de Vilagarcía de Arousa.

A comprobación de que o vehículo reúne os requisitos mínimos regulamentariamente esixidos deberá realizarse pola Policía Local, con carácter previo á súa posta en servizo.

XUVENTUDE E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

XUVENTUDE

PRP2022/0430

Vista a proposta da Concellería de Xuventude, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento e adxudicación para a realización de actividades dirixidas á infancia dentro do Programa de Entroido 2022 por un importe total de 2.878,80 € (IVE incluído), con cargo á partida 2314.22624, coa seguinte desagregación:

- Para a coordinación, monitoraxe e desenvolvemento dos obradoiros , por importe de 1.273,80 € (ive do 21% engadido) Órbita Infantil. CIF: J-15869233. Praza Chavián nº 5, baixo. 15219 Bertamiráns. Ames.
- Para a animación musical da festa infantil, por importe de 605 € (Ive engadido) D. Carlos Galbán Zaragoza (La Duendeneta). CIF: 35449729J. C) Romero Ortíz, 9. 36600 Vilagarcía de Arousa.
- Para acondicionamento e ornamentación dos espazos nos que desenvolven as

actividades, estímase preciso a adquisición de materiais, funxibles como telas, máscaras, papeis...etc. Estímase o importe deste gasto en material funxible na cantidade de 1.000€

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

TURISMO E MEDIO AMBIENTE

MEDIO AMBIENTE

PRP2022/0429

Dáse conta do escrito de Augas de Galicia polo que se comunica que o día 7 de febreiro, tendo en conta a situación meteorolóxica e posto que se rexistraron valores meteorolóxicos inferiores aos normais nesta época do ano de forma contiuada, se activou estado de prealerta ante situación de seca na demarcación hidrográfica de Galicia-Costa. A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2022/0431

Dáse conta da publicación no DOG do día 25 de xaneiro de 2022 por parte da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo dunha Orde pola que se regulan os criterios de repartición e se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións da liña en concorrencia non competitiva e da liña en concorrencia competitiva do Fondo de Compensación ambiental para o ano 2022 destinadas a entidades locais de Galicia.

O artigo 3.1.a) da mencionada Orde establece que esta orde reguladora da convocatoria de subvencións do Fondo de Compensación Ambiental inclúe... a) convocatoria de subvencións de natureza NON COMPETITIVA, destinada a aqueles concellos de Galicia cuxo territorio municipal estea dentro da poligonal de delimitación dun parque eólico e, igualmente, aos afectados pola correspondente instalación de conexión ou vía de evacuación, relacionados no anexo V da orde e que formulen:

1. petición de maneira individual.

No artigo 14.2 da Orde regúlase o orzamento máximo, importes máximos subvencionables e límite de subvención para gastos de funcionamento na liña en concorrencia non competitiva e establécese que “a cantidade máxima da subvención a tanto global por concello segundo esta orde, será a suma das cantidades establecidas no anexo V. En ningún caso o importe da subvención poderá superar o orzamento total das actuacións para as cales o concello solicita subvención”. Segundo o anexo V ao Concello de Vilagarcía de Arousa correspóndenlle un importe máximo de subvención total de 10.924,57 euros, (2.467,20 euros en función do nº de aeroxeradores instalados no seu término municipal, e 8.457,37 € como importe máximo subvención por liñas).

O artigo 4.4.h).2 establece como gasto subvencionable “ os proxectos de saneamento, redes de sumidoiros e abastecemento de augas”.

A actuación que se propón será na rede de saneamento situada na parroquia de Carril e descorrerá pola Rúa Valentín Viqueira nun tramo aproximado de 58 metros. A necesidade da actuación proposta vén determinada pola entrada moderada de auga salgada na unión do tubo da rede de saneamento municipal.

Por isto a Xunta de Goberno Local acorda:

1.- Solicitud da mencionada subvención na liña de CONCORRENCIA NON COMPETITIVA para a realización da actuación mencionada no proxecto “Rehabilitación de colector de saneamento na R/Valentin Viqueira en Carril”, debendo aceptarse as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na orde de convocatoria da subvención.

2.- Segundo o presuposto da actuación solicitado, este ascende á cantidade de 12.987,90 euros (IVE incluído), polo que sendo o importe da subvención de 10.924,57 euros, o Concello tería que asumir a diferenza en función do que finalmente resulte do procedemento de contratación.

TURISMO

PRP2022/0448

Dáse conta da orde da Consellería do Mar do 27 de decembro de 2021, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas para proxectos ao abeiro das estratexias de desenvolvemento local participativo (EDLP), aprobadas aos grupos de acción local do sector pesqueiro para o desenvolvemento sustentable das zonas de pesca no marco do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca 2014-2020, e se convocan as correspondentes ao ano 2022, tramitada como anticipado de gasto (código de procedemento PE155A)

Con cargo a ese Fondo Marítimo e da Pesca 2014-20, o Concello xa obtivo, no ano 2020, subvención para a Ruta de Turismo Mariñeiro no Contorno de Carril e Cortegada e no ano 2021, para o Miradoiro na Cruz de Xiabre.

Trátase en realidade dunha convocatoria extraordinaria que se finanza coas partidas sobrantes das anteriores.

O proxecto ten o presuposto que deseguido se detalla:

CONCEPTO	IMPORTE (IVE ENGADIDO)
6 Paneis en chapa aceiro corten	3.600,96 €
Impresión dos vinilos a colocar nos paneis	514,37
Sinal en forxa indicativa da distancia ata Santiago	452,54
Silueta dunha peregrina nunha lámina de aceiro corten	526,35
Elaboración dos textos dos paneis, deseño, gravación das audioguías en galego e castelán, creación dos códigos QR e deseño dos carteis promocionais da ruta	2.789,05
Tradución de 6 audioguías	1.347,94
Visita Virtual por Vilaxoán	8.000,00
TOTAL	17.231,21

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a solicitude de subvención para o proxecto Ruta de Turismo Mariñeiro en Vilaxoan e Visita Virtual, con un orzamento total de 17.231,21€.

PRP2022/0497

O Concello de Vilagarcía ten na dirección <https://visitvilagarcia.com/> a exposición de todos os seus atractivos turísticos e a información precisa para calquera decida achegarse á nosa cidade para visitala.

A Agrupación de Mariscadoras AMARCARRIL está a promocionar o turismo mariñeiro en Carril, poñendo en valor todo o entorno da praia Concha-Compostela, os viveiros de Carril, Os Lombos do Ulla e a Illa Cortegada.

No local da asociación, na rúa Extramuros, 43, en Carril, no que teñen dúas cristaleiras grandes, pretenden colocar sendos vinilos nos que figure o seu logo da Marisquiña e que dean información sobre as súas actividades.

Puxéronse en contacto con este servizo de Turismo para buscar a colaboración que precisaban. Turismo consultouno coa Área de Comunicación e decidiuse que a mellor opción é que esa área faga o deseño deses vinilos e que os imprima e coloque unha empresa que se dedique a esas tarefas.

Resulta preciso para executar esta acción a sinatura dun contrato menor de publicidade coa Asociación de Mariscadoras AMARCARRIL, por un importe de 163,350 €, que é o que se achega con esta proposta e que fai referencia ao compromiso de Amarcarril de incluír a páxina web <https://visitvilagarcia.com/> en tódalas súas accións de promoción.

A Xunta de Goberno Local acorda a sinatura dese contrato, con cargo á partida 432-22602

POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

MULLER E PERSOAS MAIORES

PRP2022/0423

A Área de Igualdade, ao abeiro da convocatoria das Bases Regulatoras do Plan de Obras e Servizos-Liña 2 (Plan Concellos 2022-2023) da Deputación de Pontevedra, propón solicitar unha subvención para a realización dun Programa para fomentar a igualdade de xénero, que consta de dúas actividades de promoción da igualdade:

- Semana de actividades arredor do papel das mulleres na creación cultural.
- Curso de formación para o emprego de Acondicionamento e tecnoloxía do pescado dirixido a mulleres vítimas de violencia de xénero e outras situacións de vulnerabilidade

En base ao anterior a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a solicitude de subvención de conformidade coa MEMORIA descritiva, cun orzamento total por importe de 12.000,00€, coa seguinte desagregación:

- Subvención solicitada: 10.500,00 €
- Aportación Municipal: 1.500,00 €, con cargo á partida 2312.22615.

PRP2022/0425

Mediante Resolución de transferencias da Secretaría de Estado de Igualdade para o exercicio 2021 foron transferidos os fondos asignados aos Concellos. A resolución de transferencias, publicada no BOE Núm 219 do 13 de setembro do 2021 recolle a contía correspondente a cada Concello, sinalando que ao Concello de Vilagarcía lle corresponde a cantidade de 18862,88 euros.

A resolución sinala que as accións a cargo aos fondos terán que ser executadas na data límite de 30 de xuño do 2022 e xustificadas na data límite de 30 de setembro do 2022.

Vista a proposta da Area de Igualdade-CIM, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a realización das seguintes actividades, por un importe total de 3.713,60 €, con cargo á partida 2312.22615:

Proveedor	Datos fiscais	Servizo a prestar	Orzamento
Martina González Veiga	32686029Q	Obradoiros educación afectivo sexual para alumnado de primaria (14 horas)	950,00
Sara Vierna Fernández	32692118X	Obradoiros coeducación emocional para alumnado de primaria (22 horas)	2763,60

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2022/0461

Con data 31/01/2022 aprobouse en Xunta de Goberno a actividade a as bases de execución dun "Obradoiro de estimulación cognitiva e psicomotricidade para persoas maiores".

Cursada invitación a cinco empresas e asociacións que prestan este servizo, na que se lles indicaba que o orzamento máximo era de 14.995,20.-€ (ive exento segundo art. 20.1.9 da lei 37/1992), remitiron as seguintes propostas:

Licitador	Oferta (ive exento)
AFAGA	10.944,00.-€
AFAPO	13.996,80.-€
CENTRO POLIVALENTE ANA Mª PARADA S.L.	14,995,20.-€
IRENE MOURIÑO BELOSO	14,995,20.-€
CENTRO UNIDADE COGNITIVA PONTEVEDRA	Non presenta oferta

Visto o que antecede, a Xunta de Goberno Local acorda:

Adxudicar o contrato de "Prestación do servizo de impartición dun obradoiro de estimulación

cognitiva e psicomotricidade para persoas maiores”, a AFAGA (Asociación de familiares de enfermos de Alzheimer y otras demencias de Galicia), con CIF G-36776920 e domicilio a efectos de notificación en Rúa Martínez Garrido, 21- INT, C.P. 36205 de Vigo, por un importe de 10.944.- € (IVE exento), con cargo á partida 2313-22634, facturable mensualmente segundo o desglose que se adxunta na súa oferta.

O contrato terá unha duración de 9 meses: do 1 de marzo ao 30 de xuño e do 1 de setembro ao 15 de decembro do 2022.

PRP2022/0507

Vista a proposta da Area de Igualdade-CIM, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por HISCOX SA para a contratación dunha póliza de seguro, por importe de 162,23 €, con cargo á partida 2312.224, para a Exposición de cartaces e outros documentos do 8M, pertencente ás coleccións do Museo do Pobo Galego, cedida a este Concello.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

CULTURA

PRP2022/0437

Vista a solicitude de Don Juan Francisco Gómez Bural, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso do Salón de Actos do Auditorio Municipal o día 6 de maio de 2022, durante todo o día, para a representación do espectáculo "la Bella Durmiente", tendo un prezo de entrada único de 25,00€, sendo a recadación para o solicitante.

Deberá asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 29-09-2017) e que figura publicada na web municipal. Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actuación.

Deberá presentar na Concellería de Cultura copia de póliza de seguro de responsabilidade civil e accidentes, así coo recibo de abono da mesma.

De conformidade co establecido no Artigo 3.1 da Ordenanza Fiscal nº43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outra instalacións do Concello, debera previamente aboar a seguinte tarifa:

ESPAZO	DIAS/HORAS	PREZO DÍA/HORA	IMPORTE TOTAL
SALÓN DE ACTOS DE AUDITORIO	1 DÍA	264,70€	264,70€
PERSOAL: -RESPONSABLE DE SALA: De 16:00- 22:00: 6 HS. DE 22:00 a 24:00: 2 hs. DE 00:00 a 01:00: 1 hs. . -OPERARIOS (2 OPERARIOS) De 16:00- 22:00: 6 HS. DE 22:00 a 24:00: 2 hs. DE 00:00 a 01:00: 1 hs. PERSOAL DE TAQUILLA: (2 Persoas) DE 18:00 a 22:00: 4 hs. (ESTIMATIVAS)	HORAS 9 horas (estimativas)	PREZO 6hs. x 10,20€= 61,20€ 2 hs. x 12,75€= 25,50€ 1 hs x 15,30€=15,30€	IMPORTE RESPONSABLE DE SALA:TOTAL: 102,00€
	9 horas (estimativas)	6hs. x 2x 10,20€= 102,00€ 2 hs. x 2 x 12,75€= 51,00€ 1 hs x 2 x 15,30€=30,60€	2 OPERARIOS TOTAL: 183,60€
	4 hs. (estimativas)	4 hs. x 2 x 10,20€= 81,60€	TOAL Persoal de Taquilla: 81,60€
		TOTAL	631,90€

Deberán acreditar o pago das taxas para poder acceder ás instalacións.

Dar conta ao Departamento de Rendas.

PRP2022/0438

Vista a solicitude de Don Manuel Rodríguez Fontán e/n English 4 People, S.L. , e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso da Sala de Conferencias do Auditorio Municipal, os días 26 de marzo, 23 de abril, 14 de maio e 4 de xuño de 2022, de 11.30 a 12.30 horas, para a realización dunhas pequenas representacións teatrais interactivas en inglés. .

Deberá asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 29-09-2017) e que figura publicada na web municipal. Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actuación.

Deberá presentar na Concellería de Cultura copia de póliza de seguro de responsabilidade civil e accidentes, así coo recibo de abono da mesma.

De conformidade co establecido no Artigo 3.1 da Ordenanza Fiscal nº43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outra instalacións do Concello, debera previamente aboar a seguinte tarifa:

ESPAZO	DIAS/HORAS	PREZO DÍA/HORA	IMPORTE TOTAL
SALA DE CONFERENCIAS	4HRS	15.25	61,00€

Deberán acreditar o pago das taxas para poder acceder ás instalacións.

Dar conta ao Departamento de Rendas.

PRP2022/0439

Vista a solicitude de d. Manuel Jesús García Rodríguez, en representación de GALICIA FORO EMPRESARIAL, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso do Salón de Actos do Auditorio Municipal, o día 115 de marzo de 2022, en horario de 16:00 a 20:00 horas, para a celebración dunha Conferencia a cargo de D. Emilio Duró dirixido a socios e invitados, debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 29-09-2017) e que figura publicada na web municipal. Deberá aportar póliza de responsabilidade civil e sinistros, así como copia compulsada do último recibo aboado, con 72 horas de antelación ao día solicitado.

Acórdase a exención do prezo público de conformidade co establecido no Artigo 4.2 da Ordenanza Fiscal nº 43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outras instalacións do Concello.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE), así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

PRP2022/0441

Vista a proposta da Concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro: Aprobar o orzamento para a celebración do Entroido 2022, coa celebración de distintos actos (Festival de Comparsas, Festival Infantil, Desfile de concurso de disfraces, etc.) por importe de 8.597,80€, coa seguinte desagregación:

DATOS	CONCEPTO	IMPORTE	PARTIDA
Premios desfile de martes de Entroido o día 01-03-2022	Premios segundo o establecido nas bases	5.300,00 €	334.48100
Accesit Choqueiros	Premios segundo o establecido nas bases	1.000,00 €	334.48100
Carlos Crespo Gómez	Actuación Duendeneta o día 1 de marzo na entrega de premios do desfile de martes de Entroido	605,00 €	334.22609
Wilson Delmonte Pérez	Actuación o día 5 de marzo en Carril para baile de piñata	701,80€	334.22609

Asociación Cultural Malveiras	Actuación do grupo de gaitas no enterro da Sardiña en Carril o día 6 de marzo	391,00 €	334.22609
Gastos imprevistos (Xardíns, Obras....) estimativo		100,00 €	334.22699
Prensa (estimativo)		500,00 €	334.22602
TOTAL		8.597,80 €	

Segundo: Aprobar a provisión de fondos a favor da Concelleira Dona Luz M^a Abalo Pérez, por un importe total de 6.300,00€, coa seguinte desagregación:

DATOS	CONCEPTO	IMPORTE
Premios desfile de martes de Entroido o día 01-03-2022	Premios segundo o establecido nas bases	5.300,00 €
Accesit Choqueiros	Premios segundo o establecido nas bases	1.000,00 €

PRP2022/0442

Dáse conta dos contratos asinados entre o Concello de Vilagarcía de Arousa e as distintas compañías teatrais da programación da Rede Galega de Teatros e Auditorios-AGADIC, para o primeiro semestre de 2022:

COMPAÑÍA	NOME FISCAL	ESPECTÁCULO	LUGAR	DIA	IMPORTE €
A Panadaria	A Panadaria Sociedade Coop. Galega (F27875285)	As que limpan	AUDITORIO	19/02/2022	3.500,00
Aporia Escénica	Diana Mera Estévez (36157053H)	SOGA E CINSA	AUDITORIO	12/03/2022	9.200,00
A Reixa Producións	Francisco Javier Villasenín Montoiro (44809396Z)	Little neno DESCOBRE A... OS BEATLES	AUDITORIO	23/04/2022	2.178,00
Amorodio Teatro	Raquel Velasco Sanz (70259795Q)	Reino de Extinción	AUDITORIO	14/05/2022	3.000,00
TOTAL					17.918,00

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda aprobar os citados contratos con cargo á partida 334.22609

PRP2022/0444

Vista a solicitude de D. Diego Basadre Barreiro, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso da Praza da Peixería, os días 12 de marzo, 2 e 16 de abril e 14 de maio de 2022, durante todo o día, para a celebración duns concertos baixo o nome de "A LONXA DO RITMO", debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 29-09-2017) e que figura publicada na web municipal.

Deberá aportar póliza de responsabilidade civil e sinistros, así como copia compulsada do último recibo aboado, con 72 horas de antelación ao día solicitado.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE), así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

Este evento ten un prezo de entrada único de 14:00 € (máis gastos de xestión) e a recadación obtida pola venda de entradas será para o solicitante.

De conformidade co establecido no Artigo 3.1 da Ordenanza Fiscal nº43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outras instalacións do Concello, debera previamente aboar a seguinte tarifa:

- Praza da Peixería: 50,90 € x 4 días = 203,60 €

Así mesmo comunícaselle que será responsabilidade do solicitante o control de aforo do salón autorizado

Dar conta ao Departamento de Rendas.

PRP2022/0564

Vista a proposta da Concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda:

- Aprobar a solicitude de subvención ao abeiro das Bases reguladoras e convocatoria do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022 (Liña 2: amortización de débedas con entidades financeiras, pagamento de débedas con acredores de gasto corrente e investimentos, gastos correntes derivados da prestación de servizos municipais, incluídos os contratos para a realización de proxectos técnicos, así como os contratos de consultoría e asistencia técnica, ou gastos correntes derivados da realización de actos culturais, deportivos, sociais, educativos, turísticos...) para a actividade “Espectáculo Combate Naval Vilagarcía de Arousa 2022”, por un importe de 23.500,00 € (IVE incluído).
- Aprobar o orzamento para a citada actividade, que ascende a 41.198,08 € (IVE incluído) cunha aportación por parte do Concello de 17.698,08€

CONTRATACIÓN

PRP2022/0413

